



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal núm. 3

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria de data 25 de setembro do 2025, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación do artigo 2º. 1, así como a inclusión dunha Disposición Final na Ordenanza fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.

SEGUNDO: Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de Edictos da Corporación, na sede electrónica do Concello e nun dos diarios de maior tirada da provincia, durante 30 días, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas.

No caso de non presentarse alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P xunto co texto íntegro da modificación operada.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

TERCEIRO: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordo definitivo así como o texto íntegro da Ordenanza modificada, entrando en vigor ao día 1 de xaneiro de 2026.

Cambre, 30 de setembro de 2025

O concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Contratación,

Rexime interior e Desenvolvemento económico

PD. (R.A. núm. 396/2025, do 30 de abril)

Rubén Vázquez Pérez

2025/6453